



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 24 - FEBREIRO - 07

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

PRODUCCIÓN.

Concentración de partos.

Dende OVICA recomendamos o control das parideiras para obter unha boa rendibilidade das nosas explotacións. Para isto debemos de producir cuidando 3 aspectos fundamentais:

1. Aforrar custes en alimentación.
2. Obter uns bos prezos polos años e cabritos.
3. Producir para as épocas de maior demanda.

En Galiza temos a sorte de poder cadrar os 3 aspectos sinalados anteriormente. Se programamos os partos da maior parte do rebaño (80%) para o **lote de primaveira** teremos alimentación suficiente nos pastos para que os animais afronten o parto cun bo estado de carnes. A maior demanda do mercado dáse durante o verán e con isto conseguiremos prezos dignos e os años e cabritos estarán menos tempo nas explotacións agardando o momento de saír ó mercado. Será interesante retrasar o máximo posible este lote de parideira para vender os años/cabritos nos últimos meses de verán e primeiros do outono, nestes meses estanse acadando prezos moi interesantes nos últimos anos pola falta de abastecemento do mercado.

Tamén é unha boa opción programar partos para un **lote de outono** (20% do rebaño), estes años/cabritos irán destinados á venda no Nadal. Normalmente para facer esta programación de partos de outono debemos de utilizar métodos de inducción do celo na época previa á cubrición.

A escasa subida de precios dos años no outono e no nadal do 2006, pode levar a moitos produtores a desconfiar da inversión de tempo e cartos en tratamentos hormonais e alimentación da ovella para conseguir unha concentración de partos encamiñada á venda nesta época. Non se debe de tomar a decisión de non empregar estas técnicas para ter lotes con partos encamiñados ás vendas no outono e no Nadal polo que ocorreu unicamente nun ano.

NORMATIVA.

Recoñecemento oficial de dúas novas razas.

No Catálogo Oficial de Razas de Ganado de España incluíronse novas razas ovinas e caprinas (Orden APA/53/07). No apartado de razas da Unión Europea, que ata o de agora permanecía baleiro, incorporáronse a raza da especie ovina "Lacaune" e a raza da especie caprina "Alpina".

CURIOSIDADES XENÉTICAS:



ovecabra: un animal "creado" xeneticamente nos anos '90, metade ovella e metade cabra.

RAZAS: Cabra Saanen



Orixe: Val de Saanen - Suiza

Características: Son animais de perfil recto ou subcónico, sublongilíneos e subhipermétricos, de aptitude preferentemente láctea. Os machos oscilan entre 70 e 80 kg e as femias entre 45 e 60 kg.

Producción: Producción de leite variable en cada país e sistema de explotación. A media estimase en 800 kg por lactación, con un 3'4% de materia graxa. Prolificidade de 1'6.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Véndense 45 cabras/40 dtos. 982151770 / 647151467
- Véndense 51 dereitos de ovino. 618 482 394
- Véndese 44 dereitos de ovino. 635 896 498
- Véndense 28 dereitos de ovino. 982 28 41 11
- Vendese rebaño de ovelas (O Irixo). 988264100 / 617769 330.
- Véndense machos de raza Berrinchón. 982157816/676030978.
- Véndense 10 rolos grandes de herba. (A Estrada) 656985949.
- Mércanse cabras de carne (Noia). 660 079 691
- Mércanse cabras adultas ou cabritas de recría. 655578668
- Mércanse 200 ovelas con dereitos. 988 438 603 / 659 325 161
- Mércanse ovelas. 686 304 617.
- Cédense 50 dereitos de ovino/cabrún por 1 ano. 665 915 714.
- Búscase can pastor. 982 54 42 45.
- Mozo, formado na escola silvo-pastoril, busca traballo en explotación de ovino-cabrún. 679447805.
- Buscase traballador para explotación de ovino.

FORMACIÓN:

Curso de Rapa.

DATA: Sábado 31 de marzo e domingo 1 de abril de 2.007.


LUGAR: Allariz.

PREZO: 40 € / persoa. Inclúe material do curso, comida e aloxamento.

ORGANIZA: ovica.

COLABORAN:

Escola Silvopastoril de Allariz e Concello de Allariz.



AXUDAS:

Solicitude da PAC.

A orde foi publicada no DOGA do 31/1/07.

O prazo para a presentación da solicitude unificada empezará o día 1 de febreiro de 2007 e finalizará o día 16 de marzo de 2007.

Como novidade as solicitudes de axudas integradas na solicitude unificada poderán ser cubertas polos interesados/as utilizando o acceso habilitado polo Fogga a través do enderezo web <http://www.xunta.es/servicios/>

ACTIVIDADES.

Reunión da xunta directiva de OVICA.

O día 18 de xaneiros celebrouse unha xuntanza dos directivos de OVICA. Nesta xuntanza definíronse as propostas de cara á celebración da asemblea anual, que non puido celebrarse na data inicialmente proposta. Tamén se deu o visto bo, previo á aprobación en asemblea, das contas do ano 2006 e do presuposto para o 2007.

Analizouse o futuro de OVICA e a súa relación coa cooperativa COVIGA e coa ADSG ACIVO como os tres piares vertebradores do sector ovino caprino en Galiza. Deste xeito as necesidades do sector quedarán cubertas dende estes 3 entes asociativos.

- OVICA: Formación, información, asesoramento e servizos.
- COVIGA: Comercialización.
- ADSG ACIVO: Servizos veterinarios.



MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

A propiedade do monte en Galiza.

Os montes veciñais en man común son unha das poucas formas de propiedade da terra en común que logrou sobrevivir á organización municipal do século XIX e ó fenómeno desamortizador.

Os mvmc son bens indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables, e non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cuota empresarial da Seguridade Social.

As formas de propiedade do monte galego son as seguintes:

Monte Veciñal en Man Común: A propiedade e o uso é dos veciños non entendidos estes como entes administrativos se non como grupo social que o viñeron usando dende tempo inmemorial (por exemplo: un monte veciñal en man común pode pertencer a veciños situados en varios concellos limítrofes).

Monte Comunal: A propiedade é de administracións públicas (concellos, deputación, etc...) e o uso é dos veciños.

Monte Privado: Son todos aqueles que teñen formas de propiedade distintas das anteriores e os seus propietarios son persoas físicas ou xurídicas.

ACTIVIDADES.

Gando nos MMVVMC de Guitiriz.

Técnicos de OVICA participaron nunha primeira xuntanza para estudar o aproveitamento con gando dos montes veciñais da mancomunidade de montes Terra Cha dentro do Concello de Guitiriz.

Nesta xuntanza participaron presidentes das comunidades de montes, responsables da Consellería do M. Rural, a Alcaldesa de Guitiriz, membros da ORGACMM e representantes doutras asociacións de gandeiros.

